# A linguaxe e as linguas



Nome ______________________________ Data ____________________

**1** **Le estas oracións e marca as que sexan verdadeiras.**




- ☐ A linguaxe é o único medio de comunicación dos humanos.
- ☐ A linguaxe pode ser oral ou escrita.
- ☐ Ningún ser humano emprega a linguaxe.
- ☐ As palabras *lingua* e *linguaxe* son sinónimas.
- ☐ No mundo fálanse moitas linguas diferentes.

**2** **Indica que tipo de linguaxe se emprega en cada caso: oral ou escrita.**










__________ __________ __________ __________

**3** **Escribe o nome de tres linguas que se falen en cada lugar.**

| En España | En Europa | No resto do mundo |
|---|---|---|
| __________ | __________ | __________ |
| __________ | __________ | __________ |
| __________ | __________ | __________ |

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

> A **linguaxe** é un sistema de comunicación que consiste na combinación dunhas palabras con outras para formar mensaxes. A linguaxe pode ser **oral** ou **escrita.**
>
> A **lingua** está formada por un conxunto de sons e palabras, e por unha serie de regras para combinalos. Todos os seres humanos utilizan a linguaxe, pero cada comunidade de falantes emprega unha lingua distinta: inglés, chinés…



Material fotocopiable © 2014 Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.

# 2 Os sons R forte e R suave



Nome ______________________________ Data ______________________

**1 Marca en cada caso a palabra que está ben escrita. Despois, subliña as que teñen o son R forte.**







| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ☐ rradio | ☐ pera | ☐ roda | ☐ parraugas | ☐ carroza |
| ☐ radio | ☐ perra | ☐ rroda | ☐ paraugas | ☐ caroza |

**2 Relaciona cada palabra coa descrición axeitada.**

| | |
|---|---|
| terror • | • Ten o son **R** forte ao comezo. |
| parra • | • Ten o son **R** forte entre vogais e o son **R** suave ao final. |
| reflexo • | • Ten dúas veces o son **R** suave. |
| moreira • | • Ten unha vez o son **R** forte e dúas veces o son **R** suave. |
| enroscado • | • Ten o son **R** forte entre vogais. |
| respirar • | • Ten o son **R** forte detrás de consoante. |

**3 Completa as palabras destas oracións con *r* ou *rr*.**



- Os ca___acois come___on as plantas de Mau___o.
- A B___ais ___eceitá___onlle un xa___ope pa___a a go___xa.
- Fa___uco semp___e so___í cando camiña pola ___úa.
- Hen___ique é unha pe___soa moi aleg___e.

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

O **r** pode representar un son forte (*rico*) ou un son suave (*cara*).

- Para representar o son **R forte**, escríbese **r** ao principio de palabra e detrás de consoante, e escríbese **rr** entre vogais.
- Para representar o son **R suave**, escríbese sempre **r**.

Material fotocopiable © 2014 Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.

# 2 As plantas. Palabras sinónimas



Nome ____________________ Data ____________________

**1** **Relaciona. A que categoría pertence cada elemento?**

| | | |
|---|---|---|
| ourego | ÁRBORE | fiúncho |
| toxo | | carrasca |
| tomiño | HERBA | macela |
| bidueiro | | ciprés |
| xesta | ARBUSTO | silva |
| álamo | | sobreira |

**2** **Completa coa palabra que corresponda en cada caso.**

- Un salgueiral é un terreo poboado de ____________.
- Unha ____________ é un terreo poboado de carballos.
- Un ____________ é un terreo poboado de faias.
- Un piñeiral é un terreo poboado de ____________.

faial
piñeiros
carballeira
salgueiros



**3** **Marca a afirmación correcta.**

- ☐ A amora é o froito do tomiño.
- ☐ A amora é o froito da silva.

**4** **Copia as oracións cambiando cada palabra destacada por un sinónimo do cadro.**



amieiro | sanxoáns | camiñada | descubrín

- Hoxe **atopei** un niño de pardais nun **ameneiro**.

____________________________________________

- Fixen unha **andaina** polo campo e collín **estalotes**.

____________________________________________





Material fotocopiable © 2014 Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.